

CLAVE DICOTÓMICA DE ROCHAS

1

- Distínguense clastos (fragmentos doutras rochas) ou minerais a simple vista 2
- Non se distinguen clastos ou minerais a simple vista 9

2

- Está formada por clastos (fragmentos doutras rochas) 3
- Está formada por cristais de minerais 5

3

- O tamaño dos clastos é grande (superior a 2 mm) 4
- O tamaño dos clastos é pequeno (inferior a 2 mm); o tacto é áspero **ARENITA**

4

- Os clastos son redondeados **PUDINGA**
- Os clastos son angulosos **BRECHA**

5

- Os minerais dispóñense en bandas **GNEIS**
- Os minerais non se dispoñen en bandas 6

6

- Os minerais son de tamaño medio e teñen cores variadas 7
- Os minerais son moi pequenos e brillantes sobre unha matriz negra..... **BASALTO**

7

- Minerais granates máis grandes que o resto da matriz, de tonalidade verdosa **ECLOXITA**
- Minerais de tamaño similar e dispostos uns en contacto cos outros 8

8

- Minerais de 3 cores: branco, negro e beige-grisáceo **GRANITO**
- Minerais de 2 cores, con aspecto rosado **SIENTITA**

9

- Aspecto de vidro negro moi brillante e pesado **OBSIDIANA**
- Con outro aspecto 10

10

- Ten aspecto laminar 11
- Non ten aspecto laminar 12

11

- Cor escura, negra ou gris escuro; pode ter fósiles **LOUSA**
- Cor marron-dourada, brillante (micas), con láminas moi apretadas **XISTO**

12

- Reacciona con HCl 13
- Non reacciona con HCl 14

13

- Cor branca, con minerais brillantes; ten aspecto de terrón de azucre **MÁRMORE**
- Cores variadas, claras e escuras; pode ter fósiles **CALCARIA**

14

- Cor clara (grisácea, beige ou marrón-rosada) **15**
- Cor escura (marrón, gris escuro ou negro) **17**

15

- Rocha densa e moi dura **CUARCITA**
- Rocha lixeira **16**

16

- Moi branda, suave ao tacto, deixa pó ao rozala **ARXILA**
- Con moitos poros e tacto áspero **PUMITA**

17

- Rocha densa, de cor gris escuro con vetas verdes de tacto moi suave **SERPENTINITA**
- Rocha lixeira de cor marrón escuro ou negro **18**

18

- Aspecto terroso; aínda se poden apreciar os restos de vexetais que a forman **TURBA**
- Superficie moi brillante; deixa manchas negras ao rozala **ANTRACITA**